

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, establece no seu artigo 8 o seguinte:

"Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto a asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente a dirección do centro".

Protocolo de actuación en caso de "folga" do alumnado

1. Dereito de "folga": todos os cursos a partir de 3º de ESO
2. No caso de que a "folga" abrangue un día lectivo, o alumnado en "folga" non poderá entrar no centro nin tomar parte de ningunha actividade, docente ou non docente, ao longo da xornada, incluídos exames.
3. O alumnado de ESO que poda facer "folga", unha vez que suba ao transporte escolar ou entre no centro, considerarase que non está en "folga" e terá as clases correspondentes, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.
4. O comité de "folga" poñerase en marcha por iniciativa dos representantes do Consello Escolar ou da Xunta de Delegados respondendo a unha convocatoria que lles afecte directamente. Este comité estará formado por un número de alumnos do centro que poderá oscilar entre catro e seis dos que desexen participar na mesma.
5. O comité de "folga", unha vez que teña informado a Xefatura de Estudos da existencia do conflito (modelo 1), levará a cabo as seguintes accións:
 - Solicitará con tempo suficiente unha reunión da Asemblea de Delegados/as para informar, sensibilizar e recoller a opinión dos mesmos respecto da cuestión plantexada.
 - Os delegados/as trasladarán aos seus respectivos grupos esta información e recollerán o sentir xeral dos mesmos.
6. A "folga" ou acción reivindicativa proposta, será comunicada en Xefatura de estudos a través dun formulario oficial no que constará o nome, apelidos, DNI e sinatura de cada alumno que secunda a "folga" (modelo 2). Este documento debe de obrar en poder de

xefatura a lo menos 24 horas antes do comezo da “folga”. Só os alumnos que asinen o documento serán considerados en “folga”. Todos os documentos que cheguen con posterioridade non serán tidos en conta.

7. O alumnado menor de idade terá que entregarlle ao seu titor o xustificante conforme os seus país autorizan a “folga” para que a falta sexa considerada como xustificada.
8. As ausencias resultantes deste tipo de actuacións serán consideradas como faltas xustificadas polo titor, sempre e cando se siga o protocolo establecido polo centro.
9. Non se considerará procedente unha “folga” si se incumpren os puntos deste protocolo.
10. O alumnado que opte por non sumarse á “folga” ten dereito a recibir as súas clases con normalidade, respectándose a súa liberdade, sen coacción algunha por parte doutros compañeiros. O profesorado poderá avanzar materia e tomará nota das ausencias no parte de aula.
11. No caso de que se producira algún incidente, todas aquelas medidas que impedisen o acceso ó centro do alumnado non participante serán tipificadas como faltas moi graves e terán o tratamento conforme ó regulado para este tipo de faltas. Tamén serán consideradas faltas as actuacións encamiñadas a prexudicar ou imposibilitar o normal desenrolo das actividades lectivas.
12. Xefatura de Estudos poñerá, na sala do profesorado, a listaxe do alumnado en “folga”.